
Catálogo GÁLIX de tradución 2023



XUNTA DE GALICIA

Catálogo GÁLIX de tradución de 2023

XUNTA DE GALICIA

Coordinación
Mercedes Pacheco Vázquez

Revisión editorial
Mercedes Pacheco Vázquez
Raquel Senra Fernández

Ilustración da cuberta
María Montes

Produción
GÁLIX

Os libros morren pronto e os traducidos… moito antes... Partindo deste feito (pesimista pero, por desgraza, realista), xorde a idea de crear un catálogo que dea conta da Literatura Infantil e Xuvenil que se traduce ao galego para visibilizala, poñer en valor o traballo de tradución e servir de ferramenta para todos os axentes do mundo do libro e da lectura.

A produción editorial inclúe tamén aquelas obras creadas noutros idiomas e que se verten á nosa lingua, pois grazas ao traballo de quen traduce, podemos coñecer as literaturas que se fan en calquera punto do planeta, mergullarnos en culturas alleas e tamén aprender sobre realidades diversas, formas diferentes de entender o mundo ou de abordar multitude de situacións.

Son trece as editoras que achegaron ao redor de setenta títulos publicados ao longo de 2023 para elaborar este catálogo e máis de trinta persoas as que aparecen como creadoras do traballo de tradución de libros escritos en múltiples linguas, que van dende o álbum ilustrado ata a novela, enmarcadas dentro dos clásicos, mais tamén de recente publicación nas respectivas linguas de orixe. Grazas a todas as editoras pola implicación á hora de crear esta ferramenta e por contribuír ao mundo da LIX traducida.

Malia que nos últimos anos houbo pequenos avances e valoracións positivas, é importante seguir puxando para que se recoñeza e dignifique o traballo de tradución: un labor minucioso e moi importante tanto na dignificación e normalización da lingua, como á hora de crear hábitos de lectura. As persoas que traducen son tamén autoras e, polo tanto, o seu traballo está protexido pola Lei de Propiedade Intelectual. Ademais, adoitan ser boas coñecedoras da obra e da persoa que escribiu/ilustrou o orixinal.

Así pois, se traballas no mundo do libro, convidámoste a que contes coas profesionais da tradución para darlle vida a unha obra escrita noutra lingua ou para visibilizar ese libro xa publicado e que non queres que morra. Convidámoste tamén a que collas o libro que tes en marcha, busques na páxina de créditos quen é a persoa responsable da creación da tradución e investigues un pouco sobre ela. E, por suposto, convidámoste a que te mergulles nas obras deste catálogo.

David Cortizo (presidente de GÁLIX)
Raquel Senra (vogal de tradución e universidades de GÁLIX)


A dama de branco

Mes de publicación: setembro
Texto: Wilkie Collins
Ilustracións: Juan Berrio
Tradución: Isaac Xubín
Descrición: 664 páx. 16 x 22 cm
ISBN: 978-84-127368-2-3



A vida do profesor de debuxo Walter Hartight cambia para sempre cando viaxa de Londres até Cumberland para darlles clases a Laura Fairlie e Marian Halcombe. A casualidade farao partícipe dun misterio do pasado que marcará o seu presente.

Unha das grandes novelas populares do século XIX, éxito absoluto desde a súa publicación, unha mestura de novela romántica, historia de intriga e xénero negro. Unha galería de personaxes inesquecibles que converteu a Wilkie Collins nun dos autores británicos máis importantes da historia.






Como funciona?

A extraordinaria natureza das cousas máis ordinarias

Mes de publicación: xuño
Texto: Peter Hinckley
Ilustracións: Olga Zakharova
Tradución: Margaret Rivero Acevedo
Descrición: 48 páx. 22,2 x 28,2 cm
ISBN: 978-84-126649-7-3



Que atoparías se cortases pola metade unha máquina de escribir, unha pelota de golf, unha colmea, unha máquina expendedora ou até un carrusel? Neste libro as mentes curiosas poderán botarlle unha ollada ao interior —literalmente— de extraordinarias estruturas e mecanismos dentro de obxectos cotiáns con rechamantes ilustracións transversais dunha máquina de xeados, unha calculadora, unha mesa de billar e outra de hóckey, un formigueiro, un aspirador e moito máis!


O Libro das Marabillas

Mes de publicación: xullo
Texto: Marco Polo
Tradución: Maite Jiménez Pérez
Descrición: 304 páx. 13 x 21 cm
ISBN: 978-84-127368-3-0



Setecentos anos despois, esta obra de Marco Polo segue fascinando porque nos transporta a un mundo real que parece mítico, a un continente cheo de contrastes, riquísimo en diversidade cultural, natural e xeográfica, berce de civilizacións onde a destrución e o luxo máis refinado conviven.

O Libro das Marabillas é un manual para mercadores, escrito con sinxeleza e rigor; a primeira obra que impuxo a experiencia sobre a mitoloxía.



O LIBRO DE MARCO POLO

19[30]

Aquí descríbese a provincia de Armenia

É ben sabido que existen dúas Armenias, a Menor e a Maior. Na Armenia Menor hai un señor[31] que goberna con xustiza e é súbdito do gran khan.

Ten numerosas cidades e castelos[32], amais de abundancia de todo, e moita caza de aves e bestas.


Houbo un tempo no que tiña fama de estar habitada por homes valentes, pero agora son todos ruíns. Só lles quedou unha virtude: que son grandísimos bebedores.

Á beira do mar está unha cidade chamada Laias, onde hai gran tráfico de mercadorías. En efecto, até aquí chegan todas as especias que proveñen das terras do interior, que adquiren os mercadores de Venecia, de Xénova e de todas as partes, así como tamén panos de la e moitas cousas de valor. Todos os mercadores que queren viaxar terra dentro deben partir desde esta cidade.

Agora contaremos da Turcomania.

[30] A viaxe de Marco Polo propiamente dita comeza neste capítulo.
[31] León III.
[32] Esta é a denominación en todo o texto para calquera tipo de fortificación.

35



Pollyanna

Mes de publicación: xuño
Texto: Eleonor Hodgson Porter
Tradución: Isaac Xubín
Descrición: 256 páx. 13 x 21 cm
ISBN: 978-84-126649-9-7

Capítulo 1
A SEÑORITA POLLY

Aquela mañá de xuño a señorita Polly Harrington entrou na súa cociña un pouco apurada. Ela, polo xeral, non se comportaba dese xeito tan precipitado, gabábase das súas boas maneiras. Pero hoxe tiña présa, moita présa.

Nancy, que estaba a lavar a louza no vertedoiro, mirou para ela con sorpresa. Nancy levaba só dous meses a traballar na cociña da señorita Polly, pero era dabondo para saber que a señorita nunca tiña présa.

—Nancy!

—Si, señora —respondeu Nancy con alegría, pero sen deixar de lavar nunha xerra.

—Nancy —agora a voz da señorita Polly soaba máis severa—, cando estea a falarlle quero que deixe o que estea a facer e lle preste atención ao que lle diga.

Nancy quedou chafada e deixou inmediatamente a xerra, co farrapo aínda dentro e case deixándoo caer, algo que non a axudou a recuperar a compostura.

—Si, señora, así farei, señora —murmurou mentres tentaba endereitar a xerra e xirándose axiña—. Eu só quería bulir co traballo porque vostede me dixo que tiña que rematar coa louza.

A señorita pregou o cello.

—Está ben, Nancy, non lle pedín explicacións. Só pedín que me atendese.

—Si, señorita —Nancy ceibou un suspiro, preguntábase se algunha vez conseguiría agradarlle a aquela muller. Nancy nunca traballara «fóra» antes, pero a súa nai

11

Pollyanna é unha nena orfa que da noite para a mañá debe mudar por completo de vida. A súa tía Polly é calada e moi seria e irrítase co bo humor, a fantasía e o "xogo" da súa sobriña. Pero en que consiste o "xogo"? En verlle o lado bo a todas as cousas, incluso a aquelas que parecen negativas de todo.

Un clásico da literatura infantil cheo de tenrura, imaxinación. Un libro deses que deixan bo corpo logo de que os les.


Avoas e avós

Texto: Małgorzata Swędrowska
Tradución: Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez
Ilustracións: Joanna Bartosik
Descrición: 52 páx. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-18567-50-6



Outra mirada sobre as familias. A través de 50 escenas ou viñetas retrátase o día a día de avoas e avós nas súas vidas cotiás e o seu papel nos fogares. Desde o punto de vista da xente máis nova da casa, sucédense situacións divertidas, soñadoras e poéticas. Interior impreso en letra maiúscula. 3 anos.


Publicado no selo Verdemar.





Dentro deste libro viven dous crocodilos

Texto: Claudia Souza
Tradución: Quique Alvarellos. Coa supervisión de María Reimóndez
Ilustracións: Ionit Zilberman
Descrición: 32 páx. 21 x 25 cm
ISBN: 978-84-18567-47-6



Un conto sobre como superar os medos. Escrito pola psicóloga infantil e recoñecida autora brasileira Claudia Souza e ilustrado marabillosamente por Ionit Zilberman, con páxinas que semellan cobrar vida. O protagonista ten medo aos crocodilos e dous deles, enormes, asexan dende dentro do mesmo libro. A el non lle mete medo case nada, nin a escuridade, nin os tiburóns, nin os sitios pechados ou solitarios. Só teme os crocodilos.

Publicado no selo Verdemar.

Irmás e irmáns

Texto: Małgorzata Swędrowska
Tradución: Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez
Ilustracións: Joanna Bartosik
Descrición: 52 páx. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-18567-51-3



Outra mirada sobre as familias. A través de 50 escenas ou viñetas retrátase o día a día entre irmáns e irmás. Desde o seu propio punto de vista, sucédense situacións divertidas, soñadoras e poéticas. Interior impreso en letra maiúscula. 3 anos.

Publicado no selo Verdemar.





Mamás e papás

Texto: Małgorzata Swędrowska
Tradución: Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez
Ilustracións: Joanna Bartosik
Descrición: 52 páx. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-18567-49-0



Outra mirada sobre as familias. A través de 50 escenas ou viñetas retrátase o día a día de pais e nais nas súas vidas cotiás e o seu papel nos fogares. Desde o punto de vista da xente máis nova da casa, sucédense situacións divertidas, soñadoras e poéticas. Interior impreso en letra maiúscula. 3 anos.

Publicado no selo Verdemar.

A costa máis afastada. Historias de Terramar III

Mes de publicación: outubro
Texto: Ursula K. Le Guin
Tradución: Tomás G. Ahola
Descrición: 211 páx. 15,3 x 23 cm
ISBN: 978-84-126951-3-7



A escuridade ameaza con se apoderar de Terramar. Mentres o mundo e os seus magos están perdendo a maxia, Ged, o poderoso Arquimago, feiticeiro e Señor de Dragóns, embárcase nunha viaxe cun mozo príncipe chamado Arren. Ambos os dous viaxan alén do reino da morte para descubrir a causa destas malvadas perturbacións e restaurar a maxia nunha terra que está desesperadamente necesitada dela.



As tumbas de Atuan. Historias de Terramar II


Mes de publicación: xuño
Texto: Ursula K. Le Guin
Tradución: Tomás G. Ahola
Descrición: 211 páx. 15,3 x 23 cm
ISBN: 978-84-126951-0-6

Tenar é elixida Suma Sacerdotisa dos antigos e innomeábeis poderes de Terramar, razón pola cal debe renunciar á súa familia, ao fogar e mesmo ao seu verdadeiro nome. Coñecida agora como Arha, a Devorada, debe gardar as sombrías e labirínticas tumbas de Atuan.

O feiticeiro Ged internarase nelas para roubar o seu maior tesouro: a metade perdida do anel de Erreth-Akbe. O deber de Arha é protexer o anel. Pero Ged posúe a luz da maxia e as historias dun mundo que a moza nunca coñeceu.

Un feiticeiro de Terramar. Historias de Terramar I

Mes de publicación: marzo
Texto: Ursula K. Le Guin
Tradución: Tomás G. Ahola
Descrición: 211 páx. 15,3 x 23 cm
ISBN: 978-84-125812-9-4



O mundo de Terramar réxese por un principio fundamental: o equilibrio entre a vida e a morte. A maxia é un elemento indispensábel, como descubrirá Ged ao ingresar na escola de feiticeiros para aprender as súas regras. Testán e inxenuo, o mozo libera unha terríbel criatura da sombra. Para recuperar o equilibrio, deberase enfrontar a ela e destruíla. A súa misión conducirao ao recuncho máis afastado de Terramar, unha bisbarra de dragóns, magos, escuridade e luz, onde atopará o seu destino.



A marfallada toda. De como xurdiu o Universo, a Terra, o ser humano e todo o demais

Mes de publicación: novembro
Texto: Floor Bal
Tradución: Antón Vialle/María Alonso Seisdedos
Ilustracións: Sebastiaan Doninck
Descrición: 40 páx. 27 x 23 cm
ISBN: 978-84-17824-96-9




Último libro da autora holandesa Floor Bal, divulgativo ilustrado, onde os lectores novos poden seguir a fascinante historia de como chegamos desde o principio do Universo á vida actual. Aprenderán sobre a teoría do Big Bang, como se formou o noso sistema solar, como comezou a vida na Terra nos océanos e como se trasladou á terra despois, que pasou cos dinosauros e como os humanos evolucionaron desde os simios para explorar e construír comunidades en todo o planeta... e mesmo viaxar ao espazo. É unha mirada fóra deste mundo ao comezo de todo!

As descubertas de Súper Mi. Descubramos o corpo

Mes de publicación: abril
Texto: Cee Cee Mia
Tradución: Bruno Martínez Pita
Ilustracións: Julie Lecomte
Descrición: 32 páx. 21,5 x 15 cm
ISBN: 978-84-17824-91-4



O protagonista deste libro chámase Minúsculo e, aínda que non é moi grande, o mundo que nos envolve non ten nin un segredo para el. Para descubrir o corpo, transformarase en Súper Mi, un superheroe que ensinará ao lector como funciona o corpo.





As descubertas de Súper Mi. Descubramos o océano

Mes de publicación: abril
Texto: Cee Cee Mia
Tradución: Bruno Martínez Pita
Ilustracións: Julie Lecomte
Descrición: 32 páx. 21,5 x 15 cm
ISBN: 978-84-17824-92-1



Minúsculo é un neno e o protagonista. Aínda que non é moi grande sabe todo o que se agocha baixo a superficie dos océanos. Convertido en Súper Mi guiará o lector polos segredos que se esconden baixo a auga.

Cadeliño é o mellor


Mes de publicación: *abril*
Texto: Gabriela Keselman
Tradución: Isabel Soto
Ilustracións: Natalia Colombo
Descrición: 32 páx. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-9046-544-8



Cadeliño foi ao zoolóxico coa súa nai e alí atopou moitos animais: o león, a xirafa, o cisne... Todos tiñan algo especial, mesmo el, pero Cadeliño aínda non o sabía.

Interior impreso en letra maiúscula.






O detective Gatlock. Á busca do tiki de ouro

Mes de publicación: abril
Texto: Sébastien Perez
Tradución: Isabel Soto
Ilustracións: Benjamin Lacombe
Descrición: 80 páx. 14 x 19 cm
ISBN: 978-84-9046-537-0



Océano Pacífico, 1657. A bordo dun barco pirata, o capitán Gatlock parte á busca dun misterioso talismán, o tiki de ouro. Os seus amigos, a rata Shaki, o papagaio Trópico e o tití Jackie non dubidan en arriscar as súas vidas para acompañalo. Avante, meus piratas! Á aventura!


O detective Gatlock. O gatominable monstro das neves



Mes de publicación: outubro
Texto: Sébastien Perez
Tradución: Isabel Soto
Ilustracións: Benjamin Lacombe
Descrición: 80 páx. 14 x 19 cm
ISBN: 978-84-9046-665-0

Suíza, 1976. Terror no val! Un gatominable monstro das neves atemoriza a aldea de Appenzell. Na compaña da súa amiga a ratiña Magali, Gatlock non dubida en emprender a busca desa misteriosa criatura.





O equipo das rapazas

Mes de publicación: abril
Texto: Pasqual Alapont
Tradución: Isabel Soto
Ilustracións: Julia Cejas
Descrición: 144 páx. 13 x 20 cm
ISBN: 978-84-9046-627-8



A Mariña encántalle o fútbol, e é tan boa co balón que semella que fai maxia cos pés. Pero os rapaces non llo poñen doado e impídenlle xogar no campo de fútbol do patio. Cando está a piques de resignarse, Chusa, unha compañeira da clase, anímaa a loitar polos seus dereitos e proponlle unha solución: facer un equipo de rapazas e demostrar que son capaces de todo. Tremede, nenos, acaban de nacer as Rosa Parks!

O neno que quería facer caca

Mes de publicación: outubro
Texto: Alessandra Requena
Tradución: Alejandro Tobar
Ilustracións: Guilherme Karsten
Descrición: 40 páx. 23,5 x 27,5 cm
ISBN: 978-84-9046-661-2



"Vai un día estupendo para se deitar ao sol, chapuzar e nadar na piscina de augas cristalinas…, ata que o meu irmán berra: 'Papá! Quero facer caca!' Daremos chegado a tempo ao baño?"


Unha historia ben simpática sobre a gana de facer caca que nos aprende que ninguén está a salvo de imprevistos. Cando entra a gana, entra, e non hai que lle facer!





Astérix. O lirio branco

Mes de publicación: outubro
Texto: René Goscinny, Fabcaro
Tradución: Xavier Senín/Isabel Soto/Alejandro Tobar
Ilustracións: Albert Uderzo e Didier Conrad
Descrición: 48 páx. 29,5 x 23 cm
ISBN: 978-84-1110-380-0



Estamos no ano 50 a. d. Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irredutibles galos aínda segue resistindo. E a vida non é doada para as gornicións de lexionarios romanos nos reducidos campamentos de Babaórum, Aquárium, Laudánum e Petibónum... Os dous galos máis famosos regresan nunha nova aventura realizada polo talentoso dúo creativo formado por Fabcaro no guión e Didier Conrad na ilustración.

Inventos




Mes de publicación: outubro
Texto: Antoni Romeu Alemany
Tradución: Equipo Xerais
Ilustracións: Roser Ruiz Lagunas
Descrición: 96 páx. 21 x 16 cm
ISBN: 978-84-1110-356-5

Os romanos tiñan neveiras? Dende cando hai billas? Coas preguntas enxeñosas e as respostas rápidas deste libro aprenderedes moitos detalles e curiosidades sobre os inventos. As rapazas e os rapaces queren saber moitas cousas e por iso sempre están dispostos a abrir a boca para facer unha chea de preguntas. Este libro espertará a súa curiosidade e a súa gana de saber aínda máis. Nunca deixedes de preguntar, aprender e divertirvos!








Bruno

Mes de publicación: xaneiro
Texto: Emilio Urberuaga
Tradución: Xosé Duncan
Ilustracións: Emilio Urberuaga
Descrición: 36 páx. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-18667-80-0




Bruno é diferente a todo o mundo e, ademais, está moi aburrido. Tentará calquera cousa para conseguir amigos que xoguen con el; UN, DOUS e… Conta até DEZ con Bruno e axúdao a atopar un amigo co que xogar.

Este álbum, a través do humor e a perseveranza, transmite valores como a igualdade e a amizade.

Diarios Zombi. Vacapocalipse!

Mes de publicación: abril
Texto: Guy Edmons/Matt Zeremes
Tradución: Iago Nicolás Ballesteros
Ilustracións: Jake A. Minton
Descrición: 256 páx. 13 x 21 cm
ISBN: 978-84-18667-84-8



Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Os adultos da miña cidade de Vilacú convertéronse en zombis, pero non son zombis carnívoros como os que ves nas películas devorando cerebros. Estes zombis son VACAS! Literalmente! Todo o mundo anda bruando e babando por aí adiante sen control ningún! E se a súa baba chega a ti… Non queiras nin imaxinar o que é vivir coma a protagonista dun brik de leite!





Madame de Treymes


Mes de publicación: outubro
Texto: Edith Wharton
Tradución: Iago Nicolás Ballesteros
Ilustracións: Dakota Hernández
Descrición: 120 páx. 14 x 24 cm
ISBN: 978-84-18667-98-5




Edith Wharton analiza como os costumes e lazos sociais afogan unha muller nunha familia francesa de principios do século XX. Atrapada nun matrimonio infeliz, o divorcio parece impensable para a poderosa familia do seu marido, até que o seu namorado John Durham se reúna coa enigmática Madame de Treymes, a única que quizais poida axudalos. Cunha solvencia narrativa fóra de toda dúbida, a autora crea personaxes profundos e intensos que se debaten entre o amor romántico e o amor familiar.


O Trocatintas

Mes de publicación: novembro
Autor: Gonçalo Viana
Tradución: Xosé Duncan
Ilustracións: Gonçalo Viana
Descrición: 40 páx. 20 x 26 cm
ISBN: 978-84-10049-07-9



Había unha vez unha árbore branca e unha nube… verde? Non pode ser, isto ten que estar mal! O ilustrador debeu equivocarse, ou as nubes poden ser verdes e estar cheas de froita? *O Trocatintas* é unha historia chea de surrealismo e humor, que convida a poñer patas arriba a realidade que coñecemos para darlle novas cores. Coas súas ilustracións xeométricas, de vivas cores e moi poéticas, Gonçalo Viana amosa todo o que pode facer un pouco de imaxinación.





Podes

Mes de publicación: outubro
Texto: Giusi Quarenghi
Tradución: Xosé Duncan
Ilustracións: Alessandro Sanna
Descrición: 56 páx. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-18667-96-1



A vida está chea de retos que nos poñen a proba dende que somos moi pequenos; de normas, ás veces demasiado estritas, que nos manteñen inmóbiles nun asento ou que nos ditan como e cando debemos actuar, como comportarnos. Nunha sociedade colectiva debemos respectar os demais, pero… debemos perder a nosa liberdade de ser nós mesmos?

San día sen fume

Mes de publicación: xaneiro
Texto: Josemi García
Tradución: Xosé Duncan
Ilustracións: Marina Hernández Ávila
Descrición: 36 páx. 21 x 21 cm
ISBN: 978-84-18667-83-1



Dona Rotonda e Don Peón sofren o mal fume do tráfico da cidade. Pero, ese día, un feixe de sandías escapan dun camión e toda a cidade aproveita para montar unha festa e unha manifestación.

Este álbum enxalza o ecoloxismo e a necesidade de acadar, entre todos, unhas cidades máis limpas e humanas.





Sherlock Holmes. A inquilina do veo

Mes de publicación: outubro
Texto: Sir Arthur Conan Doyle/Stephanie Baudet
Tradución: Maruxa Zaera
Ilustracións : Arianna Bellucci
Descrición: 100 páx. 13 x 21 cm
ISBN: 978-84-18667-94-7


homes do circo escorrentaron á fera con paus. Conseguiron que entrase na gaiola e encerrárono alí de inmediato.

»Ninguén entendía como podía ser que se soltara. Chegaron á conclusión de que os Ronder tiñan pensado entrar na gaiola e que, ao abriren a porta, o león botóuselles enriba.

Holmes enfróntase a un vello misterio cando o convidan a visitar unha dama que se nega a amosar o seu rostro. Un aterrecedor crime cometido sete anos atrás con terribles consecuencias, e é misión de Holmes salvar a inquilina do veo da súa propia conciencia.

Sherlock Holmes. Os tres estudantes




Mes de publicación: marzo
Texto: Sir Arthur Conan Doyle/Stephanie Baudet
Tradución: Maruxa Zaera
Ilustracións: Arianna Bellucci
Descrición: 120 páx. 13 x 21 cm
ISBN: 978-84-18667-89-3

Unha tranquila viaxe de investigación convértese nunha carreira contra o reloxo cando o profesor Soames vai onda Holmes e Watson cun estraño misterio. Tres estudantes son sospeitosos de facer trampas. Será Holmes quen de resolver o caso a tempo para que o exame se leve a cabo?


Xa se estaba facendo noite cando entramos no antigo patio cuberto de musgo da vella facultade.

O apartamento do noso cliente estaba na planta baixa e tiña unha ventá cunha reixa, que daba ao patio. Nos pisos de arriba había tres cuartos de estudantes, un por planta.



WOMANHAUS. Historia ilustrada das artistas da Bauhaus


Mes de publicación: marzo
Texto: Dakota Hernández
Tradución: Xosé Duncan
Ilustracións: Dakota Hernández
Descrición: 152 p. 17 x 24 cm
978-84-18667-78-7



Unha escola que, nos seus menos de vinte anos de existencia, conseguiu marcar un antes e un despois en todas as disciplinas da arte: arquitectura, pintura, escultura, deseño de mobles, xoias, roupa… influíndo en xeracións de profesionais de todo o mundo e dos máis diversos campos relacionados coa creatividade. No entanto, tivo que facer fronte á crúa realidade e á oposición dunha sociedade, malia ser moi aberta na teoría, ante aquelas ideas levadas á práctica.


Cabalgaremos toda a noite

Mes de publicación: xaneiro
Texto: Carlota Gurt
Tradución: Eduard Velasco
Descrición: 144 páx. 13,5 x 21 cm
ISBN: 978-84-9151-968-3



Carlota Gurt debuta na literatura con *Cabalgaremos toda a noite*, un talentoso libro que nos achega á liberdade, un abismo de desexos e medos ao que nos asomamos transitando por unha corda frouxa, con personaxes próximos, que poderían ser calquera de nós, cos seus amores e medos. Un avanzar ás escuras cara a metas aparentemente inalcanzables, que ao final non o son. Un traballo cheo de humor, retranca e mala uva, que nos trae sorrisos e desacougos.

Premio Mercè Rodoreda 2019.



A canción do cambio

Mes de publicación: marzo
Texto: Amanda Gorman
Tradución: Fe González Fernández/Ivonete da Silva Isidoro
Descrición: 44 páx. 28 x 25 cm
ISBN: 978-84-18966-60-6



Unha nena entoa unha canción de esperanza, solidariedade e coraxe e o ritmo arrastra a súa veciñanza polas estradas da cidade nunha marea musical que roxe, medra e escorrenta os medos.

No camiño aprenden que temos o poder de transformar a nosa contorna e que o cambio comeza por nós.

Un poderoso himno ilustrado que a poeta e activista Amanda Gorman dedica ás nenas e nenos que desexan alzar a súa voz para conseguir un mundo mellor.


Filippa & compañía. Enredo no Nadal

Mes de publicación: novembro
Texto: Juha Virta
Tradución: Annu Pitkanen
Ilustracións: Marika Maijala
Descrición: 40 páx. 26 x 21 cm
ISBN: 978-84-19754-27-1



Unha historia simpática sobre a amizade, Papá Noel e o que é realmente importante no Nadal. Os catro amigos agardan a chegada do Nadal e quedan sen bombóns. Filippa sae a buscar máis, pero acaba atopando a Papá Noel. O mesmo lles ocorre ao gato Durmiñón, a Coello e ao asno Antero. Todo isto é moi estraño…






Microbios monstruosos

Mes de publicación: abril
Texto: Marc Van Ranst/Geert Bouckaert
Tradución: Rosa Marta Gómez Pato
Ilustracións: Sebastiaan Van Doninck
Descrición: 72 páx. 24 x 19 cm
ISBN: 978-84-19754-06-6

Neste libro descubrirás todo o que queiras saber sobre bacterias e virus, como funcionan as vacinas e que microbios son útiles para o ser humano.

Terás respostas a preguntas como:
Por que hai que lavar as mans antes de comer?
É o coronavirus o peor virus que existe?
Hai bacterias femininas e masculinas?
Que son os antibióticos?
E ademais convértete nun microbiólogo ou microbióloga!
Cultiva as túas propias bacterias e fai experimentos!



Mortiña. Unha sorpresa marabillosa



Mes de publicación: febreiro
Texto: Barbara Cantini
Tradución: Rosa Marta Gómez Pato/Manuel González González
Ilustracións: Barbara Cantini
Descrición: 64 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-19754-03-5

Cando Mortiña sobe ao faiado na procura de disfraces para Halloween, atopa unha postal dos seus pais! Víraos por última vez cando saían para unha longa viaxe... pero nunca máis regresaron. Que sería deles? Para descubrilo terá que botar man de habilidades de detective e de moita imaxinación.

Coa axuda de Tristeiro, Dilbert e de todos os seus amigos e amigas, Mortiña seguirá as pegadas de mamá e papá... Pero, dará con eles?


Unha nova aventura da nena zombi que xa é un éxito internacional.





O Picapau Amarelo

Mes de publicación: setembro
Texto: Monteiro Lobato
Tradución: Anxo Tarrío Varela
Descrición: 184 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-19754-19-6



Grazas ao éxito das aventuras de Nariciño, Pedriño, a boneca Emilia, o Vizconde e demais personaxes, o Sitio do Picapau Amarelo volveuse tan, pero tan famoso, que un día sucedeu algo impensable: personaxes de ficción, como Brancaneves, Polgariño, Peter Pan, Don Quixote e tantos outros, mesmo figuras da mitoloxía grega, decidiron mudarse á ata entón tranquila propiedade de dona Benta.

Parque de atraccións. A Fábrica da caca




Mes de publicación: abril
Texto: Annemarie van den Brink/Marja Baseler
Tradución: María Alonso Seisdedos/Antón Vialle
Ilustracións: Tjarko van der Pol
Descrición: 48 páx. 25 x 32 cm
ISBN: 978-84-19754-05-9

Catia e Caio converten a Fábrica para a Investigación da Caca e os Intestinos nun parque de atraccións para que poida permanecer aberto.

Un libro onde descubrirás todo tipo de datos sobre alimentación saudable e o relacionado co teu estómago, intestinos e caca. Ten moitas ilustracións a cor, tarefas e cuestionarios.


Para ler con axuda a partir dos 5 anos aproximadamente, autolectura a partir dos 8 aos 10 anos.





A araña moi ocupada

Mes de publicación: xullo
Texto: Eric Carle
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Eric Carle
Descrición: 32 páx. 28,5 x 21 cm
ISBN: 978-84-1343-226-7



O cabalo, a vaca, a ovella… os animais da granxa intentan convencer a araña para que os acompañe pero ela segue facendo a súa tea ata que atrapa algo. Unha obra sobre o valor da constancia, o esforzo e o traballo ben feito. Cun texto sinxelo, rítmico e fórmulas de repetición, ideal para ler e escoitar con prelectores e primeiros lectores. O fío de seda en relevo permite seguir o conto co tacto dos dedos. Un clásico da literatura infantil cunhas ilustracións alegres e coloridas feitas con colaxe.


A bruxa divertida

Mes de publicación: abril
Texto: Ricardo Alcántara
Tradución: Xosé Ballesteros
Ilustracións: Gusti
Descrición: 14 páx. 17,5 x 22 cm
ISBN: 978-84-1343-191-8



A proba da capacidade ilimitada das nenas e dos nenos para a imaxinación e a fantasía, utilizando calquera material ao seu alcance para desenvolver os seus propios xogos. Canda *O pequeno indio* e *O pirata valente,* chega unha protagonista feminina cuxos feitizos son interrompidos por unha misteriosa voz. Un texto rimado e humorístico cuxo xiro final —inesperado e sorprendente— marca a fronteira entre ficción e realidade. Ideal para ler en voz alta ou iniciarse na lectura con letras maiúsculas.






A pequena familia

Mes de publicación: abril
Texto: Sesyle Joslin
Tradución: Xosé Ballesteros
Ilustracións: John Alcorn
Descrición: 48 páx. 19 x 25 cm
ISBN: 978-84-1343-213-7



Catro relatos breves e divertidos, sorprendentes e deliciosamente absurdos; construcións sinxelas estruturadas sobre a base da acumulación e a repetición de elementos ata alcanzar un final inesperado e humorístico. Un clásico publicado en Nova York en 1964 con ilustracións de vistoso colorido, debuxos de trazos finos e estilo neoclásico. Un anexo final ofrece un glosario bilingüe galego-inglés para perfeccionar o vocabulario con palabras básicas do ámbito doméstico, familiar, lúdico...

A visita



Mes de publicación: novembro
Texto: Núria Figueras
Tradución: Xosé Ballesteros
Ilustracións: Anna Font
Descrición: 36 páx. 22 x 28 cm
ISBN: 978-84-1343-259-5


O XVI Premio Internacional Compostela mostra o silencio como algo positivo. Axúdanos a reflexionar, practicar a introspección, coñecernos e saber que sentimos. Desoíndo as indicacións da nai, unha raposiña deixa entrar o Silencio na súa cova. Tras o temor inicial, resulta ser un hóspede moi especial. Un relato delicioso que lles permite ás crianzas tomar conciencia do seu mundo interior, pois nesta sociedade saturada de ruído, a calma e mesmo a soidade achegan outro xeito de enfocar a vida cotiá.






A volta ao mundo

Mes de publicación: decembro
Texto: Javier Villafañe
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Juan Ramón Alonso
Descrición: 40 páx. 19,5 x 29 cm
ISBN: 978-84-1343-265-6



Santiago sae da casa no triciclo, disposto a dar a volta ao mundo. No percorrido vanse sumando un bo número de animais: un can, un gato, un coello, unha formiga, unha vaca, mais tamén un elefante, un cabalo, unha xirafa… Axudándose descobren pequenos detalles, reais e ficticios, do mundo que os rodea. Porque hai grandes aventuras que esperan ao cabo da rúa, tan só cómpre un pouco de imaxinación. Un clásico de estrutura acumulativa, distinguido co Premio Austral Infantil 1985.

Amigos



Mes depublicación: decembro
Texto: Eric Carle
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Eric Carle
Descrición: 32 páx. 23 x 31 cm
ISBN: 978-84-1343-258-8

Un álbum que expresa de xeito sinxelo e profundo o verdadeiro valor da amizade. Os protagonistas son dous nenos que compartían xogos, bailes e confidencias ata que a distancia os separa. Mais non hai río, montaña, bosque, chuvia ou escuridade que impida o seu reencontro. Cunha linguaxe sinxela, cunhas ilustracións coloridas e expresivas, trátase dunha historia coa que conmovernos e transmitir fondas emocións e sentimentos sobre o valor da amizade e do amor que supera ausencias e obstáculos.





Da cabeza aos pés


Mes de publicación: outubro
Texto: Eric Carle
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Eric Carle
Descrición: 28 páx. 12,5 x 18 cm
ISBN: 978-84-1343-232-8




Os animais —tamén os humanos— moven os seus corpos de formas moi diferentes. Os gorilas baten no peito, os camelos dobran as extremidades e as xirafas curvan o pescozo, entre outras curiosidades. Un divertido libro acartonado co que deixar o sedentarismo imitando as posturas dos protagonistas desta historia: xirar a cabeza, balancearse, retorcerse… ata rir ás gargalladas. Repasando as partes do corpo, este clásico da literatura infantil anima as nenas e os nenos a coñecer e nomear a súa anatomía.

En continua evolución

Mes de publicación: febreiro
Texto: Santiago Ginnobili
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Guido Ferro
Descrición: 36 páx. 21,3 x 27,5 cm
ISBN: 978-84-19213-32-7



Un recoñecemento ao naturalista Charles Darwin por sentar as bases do progreso científico formulando dúbidas, cuestionando as ideas establecidas e procurando novas respostas. Nun ton coloquial, achegámonos ao seu pensamento para entender quen somos e de onde vimos, destacando a beleza, a complexidade e a diversidade do mundo que habitamos. Porque todos os organismos da Terra estamos emparentados nunha inmensa árbore da vida e os seres humanos somos tan só unha pequena parte dunha gran familia.





Lotta


Mes de publicación: xuño
Texto: Astrid Lindgren
Tradución: David A. Álvarez Martínez
Ilustracións: Beatrice Alemagna
Descrición: 128 páx. 16 x 23,5 cm
ISBN: 978-84-1343-215-1




Lotta vive coa súa familia nunha casa amarela na rúa dos Oleiros, aínda que seu pai di que sería mellor chamarlle dos Algareiros. Ten algo máis de catro anos e moitas ideas tolas. É rachada, valente, teimuda e segura de si mesma; mais tamén é unha nena feliz que axuda a resolver os problemas da súa familia. Un clásico de Astrid Lindgren cuxa voz narradora está totalmente lograda. Un divertido libro de aventuras, un canto á liberdade da infancia ilustrado de xeito maxistral por Beatrice Alemagna.

O elefante que perdeu o seu ollo

Mes de publicación: novembro
Texto: Boniface Ofogo
Tradución: Manuela Rodríguez
Ilustracións: Marc Taeger
Descrición: 40 páx. 26,5 x 21 cm
ISBN: 978-84-1343-261-8



O elefante quitaba un ollo para xogar ao pimpón coma se fose unha pelota. Un día lanzouno tan alto que caeu no río e, como non o atopaba, perdeu os nervios ata que unha nena que o observaba axudoulle a dar coa solución. Tras *O león Kandinga* e *A paso de tartaruga,* unha nova viaxe ao corazón de África cun conto sobre a importancia da calma para enfrontar as dificultades. Unha fábula da tradición camerunesa, chea de sabedoría e fondo humanismo sobre como levar calquera problema na vida.





O sono animal

Mes de publicación: xullo
Texto: Silvia Lazzarino Binelli
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: María José Arce Letelier
Descrición: 48 páx. 21,5 x 29,5 cm
ISBN: 978-84-19213-41-9



Un libro informativo, rigoroso e cun minucioso contido científico para descubrir as curiosas, sorprendentes e variadas formas de durmir que se dan na natureza, co exemplo de máis de trinta animais: o paxaro que apaga a metade do cerebro mentres voa, a mosca que adormece sobre a súa flor favorita, o peixe que se deita nunha cama de burbullas… Uns dormen escasos minutos, outros durante longas tempadas; algúns permanecen enterrados, outros amoreados no alto dunha árbore para evitar os depredadores.

Os contos do Ourizo



Mes de publicación: abril
Texto: Serguéi Kozlov
Tradución: Ana María González Salgado
Ilustracións: Zuzanna Celej
Descrición: 56 páx. 15 x 21,5 cm
ISBN: 978-84-1343-218-2

Sete fermosos relatos protagonizados por Ourizo e outros habitantes do bosque: Osiño, Coello, Esquío… personaxes que transmiten tenrura, bondade, ledicia. Vivencias que falan de apreciar cada momento, de autenticidade e sinxeleza; reflexións sobre o valor de compartir, o respecto aos demais, o coidado á contorna... Historias divertidas e conmovedoras que remiten aos grandes temas da infancia e presentan a vida como un camiño a través do descoñecido, con xiros inesperados e voltas do destino.





Os migrantes

Mes de publicación: outubro
Texto: Marcelo Simonetti
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Maria Girón
Descrición: 40 páx. 24,5 x 21,5 cm
ISBN: 978-84-1343-251-9



Dous irmáns reciben a nova de que uns migrantes van chegar á escola. É a primeira vez que oen tal palabra e os rapaces elucubran posibles significados: pasteis, mascotas, palíndromos… Á mañá seguinte entran con medo na aula, onde atopan dous compañeiros chegados dende moi lonxe. A emoción ante o descubrimento das novas amizades lévaos a esquecer os migrantes que, en realidade, nin sequera aparecen. Un álbum sobre como enfrontarse ao descoñecido a través da ollada curiosa e inocente da infancia.

Oso pardo, oso pardo, que ves aquí?



Mes de publicación: outubro
Texto: Bill Martin Jr.
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Eric Carle
Descrición: 28 páx. 12,5 x 18 cm
ISBN: 978-84-1343-231-1


Un oso pardo, un paxaro vermello, un pato amarelo ou un cabalo azul son algúns dos personaxes que se asoman neste divertido álbum acartonado, ideal para que prelectores e primeiros lectores aprendan as cores e os nomes dos animais. Un texto sinxelo e rítmico, con estrutura encadeada a través dunha fórmula de preguntas e respostas que anima a participar e interaccionar. Un libro lúdico, dinámico e sorprendente, co selo inconfundible de Eric Carle, co que gozar tanto en familia como na escola.





Sete monstros e un gato

Mes de publicación: outubro
Texto: Rafael Ordóñez
Tradución: Xosé Ballesteros
Ilustracións: Christian Inaraja
Descrición: 40 páx. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-1343-249-6




Un vampiro, un zombi, un fantasma, unha bruxa, unha momia, un home lobo, Frankenstein e… un gato! Onde irán? Un paseo terrorificamente divertido, cheo de sorpresas e un sorprendente final que transforma a historia nun orixinal conto circular. Un álbum rimado, inspirado nas fórmulas da tradición oral, cuxos protagonistas desaparecen da forma máis disparatada. As ilustracións recrean algúns dos personaxes de medo máis coñecidos da tradición literaria e acentúan o carácter cómico desta obra.

Soñar con dinosauros



Mes de publicación: outubro
Texto: Allan Ahlberg
Tradución: Óscar e Sandra Senra Gómez
Ilustracións: André Amstutz
Descrición: 32 páx. 21,2 x 27,5 cm
ISBN: 978-84-1343-240-3

Nunha escura, escurísima rúa hai unha alta, altísima casa. Nesa alta, altísima casa, hai un profundo, profundísimo soto. Nese profundo, profundísimo soto, hai unha cómoda, comodísima cama… Con esta fórmula rítmica e sonora comeza a nova e trepidante aventura dos esqueletos máis divertidos, perseguidos en soños por orixinais osamentas de dinosauros ata que o valente esqueleto do can desencadea un terrorífico e divertido final. Continuación da serie Os esqueletos divertidos, creada nos anos 80.






Teño 14 anos e non é unha boa nova

Mes de publicación: outubro
Texto: Jo Witek
Tradución: Antía Veres Xesto
Ilustracións: Jimena Estíbaliz
Descrición: 144 páx. 15 x 23,5 cm
ISBN: 978-84-1343-253-3



Tras o curso escolar na cidade, Efi volve á aldea, onde descobre que os seus pais a prometeron en matrimonio ao chegar á idade núbil, os 14 anos. Destrúen así o seu soño de seguir estudando para ter unha profesión. Comeza entón unha loita contra ese destino cruel que marca a tradición. Unha historia magoante pero chea de esperanza sobre unha realidade que cada ano sofren 12 millóns de nenas no mundo. A voz libre e progresista da protagonista elévase como unha denuncia para mudar as cousas.

Tigre e oso na cidade



Mes de publicación: marzo
Texto: Janosch
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Janosch
Descrición: 52 páx. 15 x 21,5 cm
ISBN: 978-84-1343-209-0

En que lado da estrada se debe camiñar se non hai beirarrúa, que facer para cruzar a rúa, elementos —semáforos, sinais, pasos de peóns— que regulan o tráfico de vehículos e transeúntes ou normas básicas como o uso do cinto son algunhas descubertas que fan tigre e oso na súa visita á cidade. Co asesoramento do Consello Alemán de Seguridade Viaria, esta obra é unha prolongación na historia de compañeirismo e amizade entre os tenros protagonistas desta saga clásica da literatura infantil e xuvenil.





Un día de chuvia e flores

Mes de publicación: marzo
Texto: Carme Solé Vendrell
Tradución: Alberto Sotelo
Ilustracións: Carme Solé Vendrell
Descrición: 32 páx. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-1343-211-3



Un texto mínimo e unhas imaxes poéticas conteñen unha grande historia sobre como pequenas accións poden cambiar moitas vidas; tamén a de quen leve este libro nas mans. Tras recoller flores silvestres, o protagonista ofréce-llelas mentres avanza no camiño aos animais do prado, a un campesiño, a unha condutora... Cun xesto tan sinxelo, a monotonía, o silencio, a polución e a violencia convér-tense en ledicia, natureza, paz... Un día gris vólvese así luminoso ao paso deste neno sensible e xeneroso.

Un gran día de pesca



Mes de publicación: abril
Texto: Jordi Gastó
Tradución: Xosé Ballesteros
Ilustracións: Christian Inaraja
Descrición: 22 páx. 17,5 x 22 cm
ISBN: 978-84-1343-193-2

Cheo de humor, gozo e alegría, un relato rimado e acumulativo que invoca a amizade e a interacción con outras persoas, que anima a romper a rutina con orixinalidade e a experimentar novas sensacións. A falta de cana, o protagonista vai rodeándose dun grupo de amizades que non só lle proporcionan o necesario para pescar, senón para pasar un día de festa, música e cancións. O importante é celebrar e compartir unha xornada inesquecible en boa compañía aínda que, de regreso, o caldeiro siga baleiro.





Unha gran sorpresa

Mes de publicación: febreiro
Texto: Daniela Kulot
Tradución: Iago Nicolás
Ilustracións: Daniela Kulot
Descrición: 32 páx. 23 x 30 cm
ISBN: 978-84-1343-197-0




Un día calquera convértese nunha aventura para a familia de Xirafa e Crocodilo. Unha misteriosa corda traza o camiño dunha viaxe que remata cunha gran sorpresa; un desenlace que esperta a curiosidade desde a primeira páxina ao formular un enigma do que os máis pequenos da casa parecen ser cómplices. A participación de Croquila e Rafolo amosa o protagonismo da infancia nun fogar distinto ao modelo de familia tradicional e onde os afectos e as emocións están por riba dos agasallos materiais.

Unha volta ao mundo



Mes de publicación: xaneiro
Texto: Joseba Sarrionandia
Tradución: Isaac Xubín
Ilustracións: Ares
Descrición: 160 páx. 15 x 23,5 cm
ISBN: 978-84-1343-195-6

Revisión dunha etapa da Idade Moderna relacionada coas expedicións marítimas, as rutas comerciais e a colonización. Céntrase no periplo capitaneado en 1519 por Fernão de Magalhães que acaba en 1522 ao mando de Juan Sebastián Elcano tras completar a primeira circunnavegación da Terra. Lonxe da épica dos descubrimentos, amosa aspectos incómodos pouco recollidos nos libros de historia: abusos a bordo dos navíos, sometemento das poboacións indíxenas, memoria histórica, a Igrexa na repartición do mundo…





O galo que puxo un ovo

Mes de publicación: marzo
Texto: Indy García Acedo
Tradución: María Xesús González Ximénez
Ilustracións: Laura Torrado Varela (Laura Tova)
Descrición: 36 páx. 25 x 23 cm
ISBN: 978-84-9871-690-0




Aquela mañá, as galiñas puxeron dez ovos pero no galiñeiro só había nove. Despois de buscalo por todos os recunchos, descubriron que o galo o agochara entre as súas plumas.

Unha historia para reflexionar sobre os límites entre as posibilidades da bioloxía e o alcance das accións sociais e humanas. Nunha sociedade moderna e desenvolvida, aberta e democrática, os roles de xénero póñense en cuestión, discútense e incluso se experimenta coa súa inversión. En moitos aspectos sociais, as fronteiras son cada vez máis anchas, mesmo difusas.

Polina, a pulguiña

Mes de publicación: outubro
Texto: Leticia Rodríguez Gancedo
Tradución: Marisa Núñez Álvarez
Ilustracións: Mar Ferrero Barrio
Descrición: 40 páx. 25 x 23 cm
ISBN: 978-84-9871-723-5



Polina é unha pulga moi pequerrechiña que leva grandes chapeus e vestidos de cores para que non a pisen; aínda que, en realidade, é doado saber cando está preto porque sempre anda cantando.

Un conto sobre a amizade e os valores que implica. Unha tenra historia que fomenta a empatía, competencia emocional básica que debe cultivarse desde a infancia.





Quen levou a lúa?

Mes de publicación: marzo
Texto: Mario Catelli
Tradución: Sara Monda
Ilustracións: Madalena Matoso
Descrición: 36 páx. 25 x 23 cm
ISBN: 978-84-9871-692-4




Kipá, o máis pequeno da manda, quere ouvear como os lobos adultos. A noite antes da lúa chea, escapa á montaña e aspira tan forte que a lúa se solta do ceo e desaparece. Ao día seguinte os lobos soben á montaña para celebrar o nacemento dos cachorros pero, por moito que esperan, a lúa non sae. Mentres, na súa casa, o lobiño está laiándose pola dor, coa barriga inchada coma un melón…

Na infancia, a imitación é un dos xeitos máis activos de obter coñecementos; os cativos perciben o mundo a través dos sentidos e, grazas á súa capacidade para imitar, interactúan coa contorna.

A última fronteira


Mes de publicación: decembro
Texto: Cecilia Heikkilä
Tradución: David Álvarez
Correctoras: Mónica Pazos/Saleta Fernández
Descrición: 44 páx. 22 x 28 cm
ISBN: 978-84-127810-0-7



O avó e o osiño comparten o soño de visitar a última fronteira: un lugar especial e difícil de atopar cheo de criaturas salvaxes e marabillosas, onde o aire arrecende a arume de piñeiro, un lugar que só viron nunha postal.


Unha historia íntima e tenra sobre unha viaxe planificada. É unha celebración da aventura e da natureza e un vínculo especial entre un avó e o seu neto. Explora sen moralismos a necesidade de protexermos e preservar os espazos salvaxes e os hábitats naturais.





A arañeira de Charlotte

Mes de publicación: xuño
Texto: E. B. White
Tradución: Moisés Barcia
Ilustracións: Garth Williams
Descrición: 172 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-16884-67-4



–A controlarme? –berrou Fern–. É unha cuestión de vida ou morte e disme que me controle!

As bágoas corríanlle polas fazulas. Agarrou e machada e tratou de quitarlla ó pai da man.

–Fern –dixo o señor Arable–. Eu sei máis ca ti de criar unha camada de porquiños. Un animal débil sempre causa problemas. Vaite, corre!

8

"Vaia porco!" "Radiante". "Humilde." Así é Wilbur, un porquiño a quen a pequena Fern libra da morte ao pouco de nacer. Pero todo o mundo sabe o destino que lles espera aos porcos. Para evitalo e lograr que quede a vivir tranquilamente na granxa, os amigos de Wilbur preparan un plan: a araña Charlotte escribirá esas palabras na súa arañeira.

A flor perdida do xamán de K



Mes de publicación: setembro
Texto: Davide Morosinotto
Tradución: Moisés Barcia
Ilustracións: Paolo Domeniconi
Descrición: 448 páx. 14 x 21,5 cm
ISBN: 978-84-16884-74-2


Perú, 1986. Cando Laila, loura e filla de diplomático, ingresa na clínica neurolóxica de Lima, o seu aspecto intriga os xoves pacientes, en especial a El Rato. Os dous atopan un estraño diario e quedan fascinados polo debuxo dunha flor utilizada polos xamáns da tribo de K., dun gran poder curativo. Cando por fin chega o diagnóstico de Laila, este non deixa esperanzas. Ou talvez si. Aínda hai unha cousa que os amigos poden facer: encontrar a Flor Perdida que quizais poida curar a Laila.






As aventuras de Huckleberry Finn

Mes de publicación: setembro
Texto: Mark Twain
Tradución: Moisés Barcia
Ilustracións: Edward W. Kemble
Descrición: 312 páx. 16,3 x 23,4 cm
ISBN: 978-84-16884-71-1




Huckleberry Finn e o seu amigo Jim foxen polo río Mississippi cara aos estados libres, onde non existe a escravitude. Porén, a viaxe estará chea de atrancos: dende asasinos ata caloteiros que porán en perigo a súa aventura.

Emma (especialmente anotada e prologada para o público xuvenil)



Mes de publicación: setembro
Texto: Jane Austen
(introdución e notas de Ana Bulnes Fraga/
Raquel Campos Pico/María Ramos Domínguez)
Tradución: Moisés Barcia
Ilustracións: Eva Fandiño
Descrición: 468 páx. 16,3 x 23,4 cm
ISBN: 978-84-16884-72-8

Emma Woodhouse é unha mestra xuntando medias laranxas… ou iso pensa ela. Nada lle gusta máis que entremeterse na vida dos demais, aínda que non o fai con mala intención: o único que quere é axudarlles a atopar o amor verdadeiro. Pero as súas boas ideas só darán lugar a unha serie de equívocos divertidos. Unha deliciosa comedia romántica publicada moito antes de que se inventase o xénero, e que agora presentamos nunha edición anotada especialmente para o público xuvenil actual.





Konrad ou o neno que saíu dun bote de conserva

Mes de publicación: abril
Texto: Christine Nöstlinger
Tradución: Eva Almazán
Ilustracións: Annette Swoboda
Descrición: 152 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-16884-66-7




A señora Bartolotti é excéntrica: fai alfombras artesás, vístese a maquíllase de mil cores, cítase co boticario Egon dúas veces por semana e é adicta a comprar por correo. Un día recibe por mensaxaría un gran bote de conserva… e del sáelle un fillo, Konrad, o neno de sete anos máis formaliño e ben guiado do mundo. Son o día e noite, pero Konrad e a señora Bartolotti quérense desde o principio. Por iso toman medidas excepcionais para seguir xuntos cando uns estraños homes ameazan con separalos…

O mono do asasino

Mes de publicación: xuño
Texto: Jakob Wegelius
Tradución: *Moisés Barcia*
Ilustracións: Jakob Wegelius
Descrición: 624 páx. 14,2 x 18,3 cm
ISBN: 978-84-16884-68-1



É de noite no porto de Lisboa. Baixo o brillo dos farois, un home corre para salvar a súa vida. Chámase Afonso Morro e garda un segredo que persoas poderosas queren protexer a todo custo. O perseguidor alcánzao e loitan. Morro cae desde o peirao e desaparece nas correntes do río Texo. Axiña corre a noticia de que se cometeu un asasinato. Pero tamén se difunde outro rumor máis espantoso: entre as ruelas e os recunchos do barrio portuario agóchase un simio loco e sanguinario. É o mono do asasino.





O superdetective Blomkvist

Mes de publicación: marzo
Texto: Astrid Lindgren
Tradución: Marta Dahlgren
Descrición: 152 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-16884-64-3


Kalle Blomkvist naceu para ser detective e, malia que só ten trece anos, controla todo o que sucede na pequena vila de Lillköping. Xunto a Anders e Eva-Lotta pasa o verán enredado nunha batalla contra a banda de nenos rivais. Pero a chegada do tío Einar esperta as súas sospeitas, e os tres amigos poñen en marcha unha auténtica investigación detectivesca.

Ronia, a filla do bandoleiro

Mes de publicación: marzo
Texto: Astrid Lindgren
Tradución: David A. Álvarez Martínez
Descrición: 190 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-16884-65-0




A noite en que Ronia, a filla do bandoleiro, veu ao mundo, houbo unha tronada tan forte sobre as montañas que o castelo de Mattis quedou dividido en dúas partes, separadas por un precipicio. A súa vida transcorre nunha delas, coa única compaña do clan que lidera o seu pai. Cando se fai maior, comeza a explorar o mundo fóra do castelo e a marabillarse coa natureza.



Stuart Little

Mes de publicación: xullo
Texto: E. B. White
Tradución: Moisés Barcia
Ilustracións: Garth Williams
Descrición: 134 páx. 14 x 21 cm
ISBN: 978-84-16884-70-4



Cando a señora Little ten o seu segundo fillo, todo o mundo advirte que non é maior ca un rato. Ademais, o pequeno Stuart parécese moitísimo a un rato en todos os aspectos, polo que os seus pais temen que calquera día escape pola rateira. Malia o seu tamaño, Stuart Little está sempre disposto á aventura.

EDITORAS GALEGAS

con publicacións neste catálogo

Aira Editorial (Follas Voadoras, S. L.)

Praza da Torre Lombarda, 1 baixo
32660 Allariz (Ourense)
contacto@airaeditorial.gal
www.airaeditorial.gal
(+34) 988 680 892
César Lorenzo Gil

Alvarellos Editora

Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
correo@alvarelloseditora.gal
www.alvarelloseditora.gal
(+34) 981 522 137
Henrique Alvarellos/Marta Pérez

Boadicea Editora

Penatoares, 6-3ºA
36500 Lalín (Pontevedra)
info@boadiceaeditora.gal
www.boadiceaeditora.gal
625 786 817
Alba Rozas/José Manuel Dopazo

Edicións Embora

Galiano, 63-1º
15402 Ferrol (A Coruña)
carmela@edicionsembora.es
www.edicionsembora.es
(+34) 981 35 53 53
Miguel Toval

Edicións Tambre
Grupo Editorial Luis Vives

Xaudaró, 25
28034 Madrid
ichao@edelvives.es
www.tambre.es
(+34) 913 344 883
Ignacio Chao

Edicións Xerais de Galicia S. A.

Doutor Marañón, 12
36211 Vigo (Pontevedra)
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal
(+34) 986 214 880
Fran Alonso

Editorial Bululú

Real, 9
15003 A Coruña
comunicacion@editorialbululu.com
www.editorialbululu.com
(+34) 881 887 939
Luisa Ortigosa

Editorial Galaxia S. A.

Avenida de Madrid 44, baixo
36204 Vigo (Pontevedra)
galaxia@editorialgalaxia.gal
www.editorialgalaxia.gal
(+34) 986 423 100 / 621 203 440
Equipo Editorial Galaxia

Hércules de Ediciones

Cordelería, 32-3º
15003 A Coruña
rodriguez@herculesediciones.es
www.herculesediciones.com
(+34) 679 456 639
Laura Rodríguez Herrera

Kalandraka Editora

Pastor Díaz, 1-4º B
36001 Pontevedra
editora@kalandraka.com
www.kalandraka.com
(+34) 986 860 276
Silvia Pérez

OQO Editora

Alemaña, 70 baixo
36162 Pontevedra
oqo@oqo.es
www.oqo.es
(+34) 986 109 270
Marisa Núñez

Patasdepeixe Editora S. L.

Castelao, 113-1º
36980 O Grove (Pontevedra)
www.patasdepeixe.eu
679 777 111
Laura Sáez Fernández

Sushi Books (Rinoceronte Editora S. L. U.)

Avenida de Lugo, 15
36940 Cangas do Morrazo (Pontevedra)
info@rinoceronte.gal
www.sushibooks.es
(+34) 986 168 028
Anxa Correa


XUNTA
DE GALICIA
gálix
asociación
galega
do libro
infantil e xuvenil